

## EMOCIONARTE EN FAMILIA

O **Proxecto Documental Integrado** deste curso leva por título **EmocionArte**, e gustaríanos que formásedes parte desta nova e apaixonante aventura creativa.

Queremos convidarvos a participar nos **obradoiros de arte para familias** que realizaremos na biblioteca do colexio.

Todas as expresións artísticas teñen cabida: **música, pintura, ilustración, literatura, olería, danza, teatro, fotografía...** ou calquera outra forma de creación que vos apaixoe.

As sesións desenvolveranse con **alumnado acompañado dun familiar**, en grupos reducidos e con **inscrición previa por orde de solicitude**.

No caso de haber máis peticións ca prazas dispoñibles, **priorizaranse aquelas familias que aínda non participasen** noutros obradoiros.

Se tedes ganas de compartir o que sabedes, o que sentides ou o que vos emociona a través da arte, **animádevos a propoñer un obradoiro** unha tarde no noso —e tamén voso— cole.

Non é necesario ser profesionais: o que realmente buscamos é **a vosa ilusión, creatividade e vontade de compartir**.

Co apoio da ANPA e do equipo docente, poñeremos todos os medios necesarios para que poidades levar a cabo as vosas propostas nas mellores condicións.

Podedes enviar a vosa idea cubrindo o seguinte formulario:

👉 [Quero levar a cabo un obradoiro de arte para familias](#)

Moitas grazas, unha vez máis, pola vosa colaboración e entusiasmo.

